

**MELLORA DA ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE
DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA
RAEG NA ZONA SUR DA ATM DE FERROL**

CLAVE: AC/22/045.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG) na zona sur da Área de Transporte Metropolitano (ATM) de Ferrol. Concretamente, as paradas sitúanse sobre as estradas AC-115 entre os P.K. 0+230 e 4+650, AC-121 entre os P.K. 10+940 e 13+500, AC-122 entre os P.K. 2+060 e 3+720, AC-123 entre os P.K. 0+160 e 1+850, AC-125 no P.K. 7+630, AC-130 entre os P.K. 0+040 e 2+650, AC-133 entre os P.K. 0+160 e 10+120 e AC-862 entre os P.K. 8+040 e 13+530, todas elas pertencentes a RAEG.

As actuacións atópanse enmarcadas nos seguintes municipios: Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda.

Con estas melloras preténdese incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos, no uso do transporte público, o que fomentará a diminución do uso dos movementos de curto e medio recorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación; e redundará nunha diminución das emisións de partículas nocivas de xeito gradual.

2. Plan de Estradas

A estrada autonómica AC-115 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-121 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-122 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-123 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-125 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-130 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-133 encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica AC-862, entre os puntos quilométricos 8+040 – 13+530, encádrase na Rede Local Convencional da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións consisten basicamente na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como o acondicionamento dos itinerarios peonís no entorno das paradas e a colocación de refuxios, coa tipoloxía definida pola Dirección Xeral de Mobilidade, e se deseñou a mellora da sinalización horizontal e vertical.

Coas actuacións proxectadas tratouse de dar cumprimento á normativa vixente de accesibilidade e utilización do transporte público, configurando itinerarios con largura mínima accesible e dispoñendo pavimentos diferenciados (podotáctil).

As principais actuacións que se desenrolan para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús engloban unha ou varias das seguintes actividades: fresado do pavimentos, demolición, pavimentación, formigonado, movemento de terras (escavación e recheos), muros de contención, peches de parcelas, drenaxe, desbroce e tala, cimentación e sinalización horizontal e vertical.

4. Características técnicas

Refuxios: con carácter xeral colocaranse refuxios de tipo rural, coas características definidas pola Dirección Xeral de Mobilidade, e só se colocarán refuxios de tipo urbano nos núcleos urbanos consolidados.

Dimensións mínimas (agás casos excepcionais):

Lonxitude da cuña de entrada 30 m, cuña de saída 30 m e carril de parada 15 m.

Ancho de carril e cuñas: 3,00 m.

Estruturas: executaranse 10 estruturas de contención de terras de de formigón armado ou escollera e altura inferior a 2,00 m.

Pavimentos: onde existe beirarrúa manterase e acondicionarse esta. Onde na actualidade non existen beirarrúas, os itinerarios peonís serán de formigón con bordo de 0,15 x 0,22 metros.

5. Poboación Servida

Ares: 5.997 hab.

Fene: 12.832 hab

Mugardos: 5.226 hab

Narón: 38.913 hab

Neda: 5.032 hab

TOTAL: 68.000 hab.

6. Concellos Afectados

Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 83 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 3.394,17 m²

Expropiacións e bens afectados: 108.794,27 €

Premio afección 5%: 5.439,71 €

Total expropiacións e indemnizacións: 114.233,98 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.

9. Orzamentos


Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 2.337.125,68€.-

Expropiacións e indemnizacións: 114.233,98 €.-

Servizos afectados: 70.027,47 €.-

Orzamento para coñecemento da administración: 2.521.387,13 €.-

Plano de situación:



Planta de actuaciones (ejemplos de paradas)

